

Ru	Julio Camba	Ru	Xoan XXIII
Pz	Lamas Carvajal	Ba	Zaquin
Ru	Leonardo Rodríguez		

Chantada , 18 de agosto do 2020.- O Alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 1896

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A AMPLIACIÓN URXENTE DA LISTA DE RESERVA PARA A COBERTURA DAS EVENTUAIS VACANTES OU AUSENCIAS QUE SE POIDAN DAR NOS POSTOS DE TRABALLADOR/A SOCIAL MUNICIPAL E CORDINADOR/A DE DITO SERVIZO

Por resolución da alcaldía de data 14 de agosto de 2020 aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura na páxina web do Concello de (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitudes farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de CINCO (5) días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello os aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ó correo electrónico rrhh@concello.monforte.com.

As bases poden ser consultadas na web municipal (www.monfortedelemos.es) e no taboleiro de anuncios.

Monforte de Lemos, 17 de agosto de 2020.- O ALCALDE, José Tome Roca.

R. 1900

MURAS

Anuncio

O Concello Pleno, en sesión ordinaria levada a cabo o día 30 de xuño de 2020, acordou aprobar inicialmente as bases para o reparto de 25 composteiros individuais de 400 litros do programa de compostaxe doméstica de SOGAMA .

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réximen Local, sométese o expediente a información pública e audiencia dos interesados por un periodo de trinta (30) días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, co fin de que durante este periodo poidase formular as reclamacións e suxestións que se condiren oportunas.

Se non se presentasen reclamacións as bases entenderanse definitivamente aprobadas.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

Muras, 12 de agosto de 2020.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1892

Anuncio

O Concello Pleno, en sesión ordinaria levada a cabo o día 30 de xuño de 2020, acordou aprobar inicialmente as bases que rexerán a convocatoria de axudas municipais para frear a perda de poboación no Concello de Muras.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réximen Local, sométese o expediente a información pública e audiencia dos interesados por un periodo de trinta (30) días